

ENTROIDO 2013

BASES CONCURSO DE CARROZAS, COMPARSAS E DISFRACE INFANTIL

Co gallo do Entroido 2013 o Concello de Arzúa organiza un desfile o domingo 10 de febreiro ás 17:00h no Recinto Feiral “Terra do Queixo” de Arzúa. Para fomentar a participación convócase un ano máis o tradicional concurso de carrozas, comparsas e disfrace infantil de acordo coas seguintes bases:

PRIMEIRA: O obxecto do concurso é celebrar esta festa tradicional e popular, fomentar a participación dos veciños e veciñas e recuperar e preservar a nosa cultura.

SEGUNDA: Para participar no concurso é **obligatorio inscribirse previamente** no Departamento de Cultura do Concello de Arzúa (Rúa Padre Pardo, 33 – 1º andar), en horario de 8:30 a 15:00h ou chamando ao 981500222 **antes do 8 de febreiro** de 2013 ás 15:00. Para os participantes da modalidade de disfrace infantil non é necesaria a súa inscrición previa xa que se fará o mesmo día media hora antes de comezar o desfile (a partires das 16:30 horas).

MODALIDADES:

- Carroza: Considéranse carrozas un grupo mínimo de 4 persoas representando algún tema enriba dun móbil (carro, tractor, motocultor...) decorado con motivos do entroido no que todos os compoñentes (agás o condutor) permanezan enriba del. A altura máxima será de 3 metros.
- Comparsas: Considéranse comparsas un grupo formado por un mínimo de 6 persoas representando un mesmo motivo.
- Disfrace infantil: nesta modalidade poderán participar nenos e nenas en idades comprendidas entre os 0-16 anos e é de carácter individual.

Xunto coas solicitudes de inscrición, deberán achegar un breve comentario dos traballos que se presentan a concurso, facendo constar tamén o número de acompañantes e o lema para a súa identificación. O día do desfile, o lema deberá ir en cartel ou bandoleira situado nun lugar destacado e visible.

TERCEIRA: Os premios establecidos polo Departamento de Cultura son:

CARROZA:	COMPARSA:	DISFRACE INFANTIL:
1º premio: 550 euros	1º premio: 300 euros	1º premio: 150 euros.
2º premio: 300 euros	2º premio: 250 euros	2º premio: 100 euros.
3º premio: 150 euros	3º premio: 150 euros	3º premo: 50 euros.

CUARTA: A cualificación das carrozas, comparsas e disfraces infantís será determinada polo xurado do concurso que estará composto por catro representantes nomeados polo Departamento de Cultura do Concello de Arzúa.

QUINTA: Durante o desenvolvemento do desfile, o xurado valorará:

Carrozas:

- Carroza, vestiario e maquillaxe 0 a 4 puntos
- Emprego de materiais de refugallo 0 a 2 puntos
- Orixinalidade 0 a 3 puntos
- Coreografía e música 0 a 3 puntos
- Organización e efecto do conxunto 0 a 3 puntos
- Simpatía (involucrar ao público) 0 a 5 puntos

Comparsas:

- Vestiario e maquillaxe 0 a 4 puntos
- Emprego de materiais de refugallo 0 a 2 puntos
- Orixinalidade 0 a 3 puntos
- Coreografía e música 0 a 3 puntos
- Organización e efecto do conxunto 0 a 3 puntos
- Simpatía (involucrar ao público) 0 a 5 puntos

Disfraces Individuais:

- Orixinalidade do vestiario 0 a 4 puntos
- Feito a man 0 a 2 puntos
- Maquillaxe 0 a 2 puntos
- Emprego de materiais de refugallo 0 a 2 puntos

SEXTA: A entrega de premios terá lugar o mesmo día de celebración do concurso, unha vez feita a avaliación polo Xurado.

SÉTIMA: Os grupos e persoas participantes deberán presentarse no Recinto Feiral "Terra do Queixo" media hora antes da saída.

OITAVA: A orde de saída no desfile será coincidindo coa orde de inscrición nas diferentes modalidades.

NOVENA: A participación no concurso supón a aceptación destas bases, sendo a decisión do xurado inapelable.

Os presentes premios serán outorgados con cargo á partida orzamentaria 331.480.02 do vixente orzamento, ata o límite de 2.000 euros.

O primeiro premio de carrozas levará consigo a retención en concepto de IRPF, que resulte da aplicación segundo as normas contidas na normativa reguladora do imposto.

En Arzúa, 8 de xaneiro de 2013

Natalia Pereira Rey
Concelleira de Cultura